

Actualización de Ferramentas dixitais para docentes



Este curso realizarase en rede, na aula virtual do centro e a través da plataforma de videoconferencia da Consellería (Webex). Ten unha duración de 10 horas, que se realizarán en rede.

O **obxectivo principal** é dotar ao profesorado coas competencias e coñecementos básicos para poder organizar e xestionar de xeito básico un curso na aula virtual do centro e adquirir o dominio básico da Plataforma Cisco Webex.

Contidos

Aula virtual (Webs dinámicas):

- Configuración de perfil.
- Creación de cursos.
- Matriculación de usuarios.
- Recursos básicos (Etiqueta, ficheiro, url e carpeta).
- Actividades de comunicación (foro).
- Actividades de entrega (tarefa, proba, glosario, base de datos).
- Copia de seguridade.
- Plataformas de videoconferencia institucionais: Cisco Webex/Falemos EDU.

Avaliación, certificación e tarefas

É imprescindible iniciar o curso presentándose no Foro de presentación do curso antes do 4 de outubro.

Para poder certificar esta actividade formativa, deberá obter **unha avaliación positiva do 80 % do peso das tarefas propostas**, que se mostran a continuación:

Nome da tarefa	Ponderación	Evidencias
0. Presentación no foro.	0%	Comentario no foro.
1. Edición do perfil.	10%	Captura de pantalla do perfil.
2. Creación dun curso e matrícula de usuarios.	15%	Enlace ao curso creado na aula virtual.
3. Introducción de recursos básicos (arquivo, cartafol, etiqueta, URL)	15%	Captura de pantalla.
4. Introducción de actividades de comunicación (foro).	10%	Captura de pantalla.
5. Introducción de actividades de entrega (tarefa)	10%	Captura de pantalla.
6. Corrección da tarefa entregada.	10%	Captura de pantalla.
7. Creación de proba (cuestionario).	10%	Captura de pantalla.
8. Crear unha actividade (glosario ou base de datos).	10%	Captura de pantalla.
9. Creación dunha copia de seguranza.	10%	Enviar o arquivo de copia de seguranza.
Tarefas opcionais		
10. Acceder á plataforma de videoconferencias, planificar sesión e compartir pantalla.	Opcional	Captura de pantalla.
Total puntuación	100%	

A **data límite de entrega de todas as tarefas** será o **16 de outubro ás 23:59**. A avaliación de cada tarefa será de completa ou incompleta .